

Pazo do Espido

050093

Datos de Localización

Pazo

Nomenclator:	3207703
Coord. UTM:	X: 60384520 Y: 466356261
Concello:	Sandiás
Parroquia:	SANDIÁS
Lugar:	Pegas, As
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Pazos
Subtipo:	Pazo



Denominación: Pazo do Espido

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante: Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

Xa no ano 1652 Dona María Pérez de Gándara aparece como veciña da casa do Espido cando outorga o seu testamento ante o escribano Francisco Fernández. Sen embargo, posteriormente as referencias son escasas.

A edificación é unha estrutura con pranta con tendencia ó "L" resultado posiblemente de diferentes etapas construtivas. O eixo principal do edificio é o N-S, cos muros construídos en perpiaño na fachada principal e de cachotería encintada no resto. Nesta mesma fachada ten unha escaleira de cantería que dá acceso á porta principal no piso superior. Os vanos son escasos, singularizándose unha porta de aire que debeu servir para dar acceso a un balcón hoxe desaparecido. Na Parte leste construíuse unha cheminea de sección rectangular rematada con pináculos.

Existe un portalón de entrada á finca que porta tres escudos de armas. Cúa descrición sería a seguinte, de esquerda a dereita:

1º -Partido e cortado. Primeiro cuartel, figura armada. Segundo, torre sumada de figura. Terceiro, banda resaltada de cinco estrelas e unha lúa, tres estrelas e o que semellan tres flores de lis. Timbrado de ielmo mirando a sinistra con penacho. Un brazo sobresae do jefe portando un arma.

2º -De difícil descrición por estar cuberto de líquines. Semella tronchado. No primeiro cuartel semella unha torre. Segundo cuartel, dúas espuelas e un caldeiro.

3º -Cortado. Primeiro cuartel, árbore con dous lobos empinados e torre. Segundo, banda e cruz. Bordura con aspas. Timbrado de ielmo mirando á diestra coa bisera baixa e penachos.

Segundo Rivera Rodríguez, correspóndense coas armas dos Armada, Salgado, Araujo e Puga. A ámbolos lados do escudo central figura a inscrición: "Estos escudos y por nombre Puga y Armada puso".

BIBLIOGRAFÍA:

RIVERA RODRÍGUEZ, M. T. *Los pazos orensanos*. Editorial Atlántico - Caja de Ahorros Provincial de Orense. La Coruña. 1981.

DOCUMENTACIÓN:

-A.H.D.OU.

Libro 35.11.13

Características Construtivas

Plantas: B+1

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq.: ----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 571 / 1963 do Ministerio de Educación Nacional.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo

Uso Actual: Vivenda

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles









